

## INFORMACIÓN A TER EN CONTA PARA FACER A RESERVA DE PRAZA NUN CICLO ORDINARIO E PARA PERSOAS ADULTAS.

### 1.- Como se fai a solicitude? Do 25 de xuño ao 5 de xullo.

Debe facerse unicamente vía telemática na seguinte páxina: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

Ao entrar atoparedes un apartado: **admisión ciclos** e incluso hai un *vídeo de axuda que explica como se fai unha solicitude*.

### 2.- Cantos ciclos podo solicitar?

Ata un **máximo de 5 ciclos formativos**, iguais ( pero en centros diferentes) ou distintos ( de distinta familia profesional).

IMPORTANTE: Non se poden pedir na mesma solicitude modalidades distintas ( ordinario, modular ou distancia), hai que facer unha solicitude para cada modalidade.

### 3.- Unha vez cuberta a solicitude ou solicitudes, que debo facer con ela?

Debes imprimila e saíranche 2 copias: 1 para o alumno/a e 1 para o centro.

Debes asinar as 2 copias e entregalas para que as validen nun centro que imparta FP. Se non a validas, non é correcto o procedemento.

### 4.- Cando saberei si me deron algún dos ciclos que solicitei?

O día **20 de xullo** publicarán na mesma páxina a **listaxe coa 1ª adxudicación**.

Pero non esquezas mirarte o **12 de xullo** para ver si apareces na listaxe provisional de solicitudes. *Ollo, esta listaxe só recolle os ciclos que solicitaches, non significa que teñas prazas.* a listaxe co que che adxudicaron sae o 20 de xullo.

### 5.- Cando abre o prazo de matrícula? Do 20 ao 26 de xullo.

A matrícula xa se fai de xeito presencial, cubrindo un modelo no centro onde che admitiron.

Debes levar estes documentos:

- DNI, pasaporte..( orixinal e fotocopia)
- Tarxeta sanitaria ( orixinal e fotocopia)
- 2 fotografías carné.
- Certificado académico dos estudos polos que accedes (FPB, ESO, Bacharelato, Ciclo, Universidade, Bacharelato..)
- Si es menor de 28 anos debes pagar **1,12€ de seguro escolar**. (CC para o ingreso: **ES86 2080 0385 9831 1000 0014** de ABANCA)

**Dpto. De Información e Orientación Académica e Profesional**